



**Unha sociedade máis informada e mellor formada sobre as adiccións será máis capaz de convivir nun mundo no que estas existen, reducindo o risco de establecer con elas relacións conflitivas**

## **SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS**

### **PRIMARIA**

#### **PPCDE: SAÚDE NA ESCOLA**

Dirixido ao alumnado de primaria de 5º e 6º curso.

**Obxectivo:** influír nas crenzas e actitudes do alumnado sobre as drogas, así como no consumo actual e na intención de consumo futuro do estudiantado. Promoción da saúde e hábitos de vida saudables.

Número de sesións: 3

#### **PREVENCIÓN DO ABUSO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS - DESCONECTA (móbil, xogo e redes sociais)**

Obradoiro para alumnado de 5º e 6º de primaria.

Número de sesións: 3

### **SECUNDARIA**

#### **PROGRAMA DE PREVENCIÓN ÓRDAGO (1º e 2º da ESO)**

Taller composto dunha guía para o alumnado para traballar durante tres sesións ao longo do curso, tratando contidos como a presión de grupo, a toma de decisións, o consumo e a publicidade, crenzas, actitudes ou autoestima.

**Obxectivo xeral:** dotar de información, recursos e habilidades ao alumnado para que dispoña dos valores e habilidades necesarias para decidir de maneira razoada e autónoma en situacións de oferta de drogas.

Número de sesións: 3

#### **OBRADOIRO MONOGRÁFICO PARA 3º DA ESO SOBRE O CÁNNABIS: A VERDADE DESTA DROGA**

Obradoiro composto de tres sesións para coñecer realmente o que oculta esta substancia, os seus mitos, os intereses no seu consumo e os perigos reais dela.

Número de sesións: 3

#### **OBRADOIRO SOBRE DROGAS PARA ALUMNADO DE 4º DA ESO**

Tres sesións por grupo onde se traballarán cuestións como a presión de grupo, a toma de decisións, os mitos sobre as drogas, ou a autoestima dun xeito dinámico e participativo. Materias e unidades do programa NON PASA NADA, PASA ALGO?

Número de sesións: 3

### **FPB**

#### **OBRADORIO PENSA EN TI DECIDE POR TI PARA FP BÁSICA**

Obradoiro composto de actividades de elaboración propia que pretende traballar de xeito eficaz na intervención e abordaxe integral dos problemas relacionados co uso das drogas a través de intervencións dinámicas.

Número de sesións: 3

**Solicitude de obradoiros** (nome do centro, grupos, días, horas e nº de participantes) **e máis información:**

Francisco Fernández Eiros  
Técnico do Servizo de Prevención de Drogodependencias  
Teléfono: 982 297 498  
francisco.eiros@concellodelugo.org

#### **TALLERES DE PREVENCIÓN DE DROGAS PARA AS FAMILIAS**

Dirixidos a pais e nais de alumnado de todas as idades.

**Obxectivos:** Informar e sensibilizar as familias sobre o papel educador de cara a prevención de drogas.

### **CHARLAS**

**A lei do alcohol:** o que temos que saber os pais e nais. Fomentar estilos de vida saudables dende a familia.

**Máis información:**

Lidia Platas Ferreiro  
Teléfono: 982 297 498  
lidia.platas@concellodelugo.org

**SERVIZO GRATUÍTO E CONFIDENCIAL NO CORREO:**  
prevencionfamilias@concellodelugo.org